

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 12 DE XULLO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día doce de Xullo de mil novecentos noventa e tres; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez, e Don Ricardo González Amaro.

Achase presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 5 de Xullo corrente.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

A Comisión de Goberno, como órgano de asistencia permanente ó Sr. Alcalde, segundo o artigo 53 do R.D. 2.568, do 28 de Novembro de 1986, á vista do correspondente expediente, acorda concede-la licencia provisional á Residencia Nosa Señora dos

Anxeles, desta Vila, para a instalación de calefacción no Centro da Terceira Idade, tendo en conta que a actividade foi informada favorablemente pola Comisión Provincial do Medio Ambiente, segundo o proxecto técnico presentado e impondo as medidas correctoras que se atopan precisamente nos planos e memoria do proxecto. Que se dea conta deste acordo á Comisión Provincial de Medio Ambiente, ós conseguintes efectos.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Paulino Soto Escudero, sobre instalación de cafetería en inmoible sito na Praza Maior, desta Vila, e tendo en conta que a actividade foi informada favorablemente pola Comisión Provincial de Medio Ambiente, segundo a comunicación recibida o día 6 de Xullo corrente, a Comisión de Goberno acorda que pase o expediente ó Sr. Aparellador Municipal para que, coa maior urxencia posible, emita un derradeiro informe técnico.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Dona María Concepción Pego Pérez, sobre instalación de droguería e perfumería en inmoible sito na rúa Progreso desta Vila, e tendo en conta que a actividade foi informada favorablemente pola Comisión Provincial de Medio Ambiente, segundo a comunicación recibida o día 6 de Xullo corrente, a Comisión de Goberno acorda que pase o expediente ó Sr. Aparellador Municipal para que, coa maior urxencia posible, emita un derradeiro informe técnico.

Visto o escrito de Dona María Luísa Pérez Fernández, veciña de Ventosela, que fai referencia ó derrubamento dun muro sobre o camiño nomeado Os Palleiros, do devandito lugar; e visto o informe da Policía Local, de data 9 de Xullo corrente, a Comisión de Goberno, na súa calidade de órgano de asistencia permanente ó Alcalde segundo o artigo 53 do ROF do 28 de Novembro de 1986, acorda requirir ós señores propietarios das fincas lindantes do camiño de que se trata, que de seguido se sinalan, para que procedan a levar a cabo a reparación correspondente do muro da súas respectivas fincas que lindan co repetido camiño público, coa recomendación que debe manterse o ancho orixinal do xa tantas veces citado camiño: Don Antonio García, do lugar de Sadurnín, no Concello de Cenlle; Don José Luís Pérez Alvarez, de Ventosela; Don Ramón Alberte, de Sanín; Sres. Herdeiros de Don Antonio Bóveda, de Ventosela; Sres. Herdeiros de Don Alejandro Trevinca; e a mesma Dona María Luísa Pérez Fernández, de Ventosela.

Visto o escrito de Don Luís González González, veciño desta Vila, con domicilio no grupo de vivendas Muñoz Calero, no que prega se lle informe do réxime urbanístico aplicable a unha finca da súa propiedade sita na estrada do Carballiño, a Comisión de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, que di o seguinte: "Corresponde a Ordenanza 4.1, Residencial Pechada.- Aliñacións e rasantes, as do Planeamento, e, segundo se sinala, a 20 metros dos edificios situados na outra marxe; a rasante, a actual.- Aliñación respecto á estrada N-120: a liña de edificación, que acota o fondo, está definida cunha liña situada a 28,50 metros do eixe de tal estrada; en todo caso precisarase a correspondente fixación concreta polo M.O.P.T.- Condicións de edificación: altura de cornisa, 20 metros; número de plantas, seis (baixo máis cinco).- O fondo é o resultante da aliñación da estrada N-120, segundo o plano das NN.SS."

A Comisión de Goberno concede a acometida do servizo de subministración de auga, para usos domésticos, a Don José Giráldez Villaverde, con domicilio na rúa Carballiño, 38, 3º B.- A acometida levarase a cabo baixo a dirección do Sr. Encargado do servizo. O interesado fará aboamento do importe da taxa desta autorización, 7.000 pesetas, sen o cal requisito ficará nula e sen efecto.

#### 4.- ESCRITOS OFICIAS.-

Coñece a Comisión de Goberno os seguintes escritos oficiais:

Circular nº 7/93, do Goberno Civil, sobre realización de actividades con armas de fogo ou aire comprimido, segundo o Regulamento de Armas.

Escrito do Instituto Nacional da Seguridade Social sobre a integración dos funcionarios da Administración Local no réxime Xeral da Seguridade Social.

Escrito da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, sobre imposibilidade de facilitar novos contedores de recolleita do

lixo en varios lugares deste Concello.

Escrito do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria sobre exposición ó público das listas cobratorias do Imposto sobre Bens Inmóbles, de natureza rústica e urbana, acordándose que, no seu momento sexa remitida ó devandito Organismo a certificación da exposición ó público no noso Concello.

Escrito da Sala do Contencioso-Administrativo, no que se reclama o expediente de Brotes S.A.T., tendo en conta que interpuxo recurso contencioso-administrativo, contra acordos da Comisión de Goberno do 9-3-93 e 19-4-93, acordando a Comisión de Goberno que se remita tal expediente, e decidindo tamén que se notifique ás persoas que aparecen neste expediente como interesados, para que poidan comparecer, se lles interesa, perante o devandito Tribunal no prazo de nove días a partir da data da notificación.

Escrito da Secretaría Xeral de Comunicación, sobre legalización da emisora municipal.

Escrito da Delegación Provincial do MOPT, sobre traballos realizados pola COTOP na estrada N-120, vella e nova, consistentes en ampliación de capa de rodadura e mellora de cunetas.

Visto o escrito da Confederación Hidrográficoado Norte de España, dirixido a este Concello e recibido o día 8 de Xullo corrente, no que se notifica a Resolución de concesión de aproveitamento de caudal de auga no río Brull ou Outeiro, a prol de Enerxía de Galicia S.A., a Comisión de Goberno acorda ratificar anterior acordo co gallo desta mesma Resolución notificada ós veciños de Francelos e mesmo que tamén o Concello leve a cabo as accións legais pertinentes, segundo o xa sinalado no anterior acordo, contratando os servizos de Letrado para a defensa dos intereses destes veciños.

Visto o informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, de data 7 de Xullo corrente, sobre a construción dunha ponte no río Outeiro, na paraxe "Muíño de Francelos", a Comisión de Goberno

acorda interesarse do correspondente Departamento da Delegación Provincial de Facenda, a planimetría na que se concrete a delimitación do noso Concello co de Melón, na zona de referencia, dende a estrada de Filgueira no seu paso sobre o río; e pregar tamén da Confederación Hidrográfica e da Comisión Provincial de Patrimonio os correspondentes informes, en base precisamente ó contido do informe técnico do Sr. Aparellador Municipal.

#### 5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Fica enterada a Comisión de Goberno de dúas Resolucións da Delegación Provincial da Consellería de Traballo e Servizos Sociais sobre a adxudicación de Cursos de Formación Ocupacional, ó abeiro da Orde do 28-01-93, para Albanelería e Protección Civil.- Neste senso, a Comisión de Goberno acepta as devanditas subvencións e acorda que se fagan os anuncios correspondentes dentro da brevidade posible non só para persoal pedagóxico senón tamén para alumnos que intervirán nestes Cursiños.

Tamén queda enterada a Comisión de Goberno dunha comunicación da Delegación Provincial da Consellería de Traballo e Servizos Sociais pola que se concede unha axuda de 1.000.000 pesetas, ó abeiro da Orde do 15 de Xaneiro de 1993, para a Eliminación de Barreiras, e que se cumprimenten os trámites correspondentes e mesmo que polo Sr. Aparellador Municipal se faga xa un estudo concreto e pormenorizado dos correspondentes lugares onde levar a cabo esta actuación.

Por último, e en relación cun escrito de Dona Carmen Fernández Viñas, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Progreso, nº 10, 1º, no que interesa se lle faga aboamento da cantidade 4.093.500 pesetas polo aluguer do seu local sito na Praza Maior para a Praza de Abastos provisional, dende o mes de Xullo de 1991 ata o 1 de Xullo de 1993, a razón de 150.000 pesetas mensuais, máis o IVE correspondente, a Comisión de Goberno acorda que pase o expediente ós servizos económicos do Concello para o seu estudo ós regulamentarios efectos.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non houbo.

E sendo as nove menos cuarto da noite o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente do cal, como Secretario accidental, certifico.